

6.3.-

EDUCACIÓN

A análise da educación en Galicia basearase nos datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación y Ciencia, a Dirección Xeral de Universidades, os Presupostos da Xunta, o IGE e o INE.

Os **presupostos da Xunta** de Galicia para o ano 1998 en materia de educación ascenderon a 210.555 millóns de pesetas, un 2,49% máis que o ano anterior, cando se adicaron un total de 205.433 millóns de pesetas, tal e como indica o **cadro 6.3.1**. A partida máis importante, a pesar do descenso relativo no total do presuposto de educación, é a correspondente ós gastos de persoal, que foi, no ano 1998, de 129.311 millóns de pesetas.

No marco dos presupostos, o programa 353F, “Fomento da lingua galega” (2.837,6 millóns de pesetas), presenta como obxectivo global o de potencia-lo uso normal e cotiá da lingua galega, en convivencia co castelán. Este obxectivo xeral concrétese noutros tres: aprender a valora-lo feito lingüístico galego, prestixia-lo uso do idioma galego e potencia-la

protección do galego na sociedade. Para acadalos, os tres grandes campos de actuación son a formación, a investigación e a divulgación.

O presuposto adica unha partida de 1.239,7 millóns de pesetas ás campañas de normalización lingüística, nas que se inclúen tódolos programas, plans e accións necesarias para levar a cabo a promoción e sensibilización a prol da lingua galega. Estas campañas realízanse en distintos campos de actuación: ensino, medios de comunicación, mundo deportivo, familia e outros colectivos, mundo eclesiástico... ou mediante a participación en feiras, exposicións e demostracións culturais, así como coa presenza de profesorado galego nos centros do exterior.

A **poboación ocupada** na educación en Galicia, segundo os datos da EPA amosados no **cadro 4.0.4**. (*Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade*), era de 50,2 miles de persoas en 1998, fronte ás 46.030 persoas do ano anterior. Delas, o 66,4%, é dicir, un total de 33.352 persoas, corresponde ó profesorado de centros non universitarios.

CADRO 6.3.1.

Presupostos da Consellería de Educación 1997-98

(en millóns de pesetas)

	1997	1998	98/97
Capítulo I	126.698	129.311	2,06
Resto	78.735	81.244	3,19
Total	205.433	210.555	2,49

Fonte: Xunta , Presupostos xerais da C.A.

CADRO 6.3.2.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 1996-97 e 1997-98 (1)

	curso 96-97	curso 97-98	97-98 / 96-97 (%)
Andalucía	1.523.360	1.483.258	-2,6
Aragón	190.283	185.616	-2,5
Asturias	175.510	168.006	-4,3
Baleares	140.089	140.727	0,5
Canarias	351.184	350.881	-0,1
Cantabria	95.081	91.707	-3,5
Castela - A Mancha	326.562	322.940	-1,1
Castela e León	430.095	414.297	-3,7
Cataluña	1.090.469	1.058.271	-3,0
C. Valenciana	722.138	710.222	-1,7
Extremadura	214.118	210.984	-1,5
Galicia	481.327	462.461	-3,9
Madrid	943.669	922.708	-2,2
Murcia	239.679	235.209	-1,9
Navarra	87.797	86.083	-2,0
País Vasco	358.995	345.021	-3,9
Rioxa	45.742	44.175	-3,4
Ceuta	15.457	15.420	-0,2
Melilla	13.716	13.979	1,9
Total	7.445.271	7.261.965	-2,5

(1) inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach. LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial.
Non inclúe os alumnos de E. a distancia
Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

O número de **alumnos e alumnas** matriculados nos centros non universitarios en 1998 segue a tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior. En Galicia, o descenso foi do 3,9% respecto ó curso pasado, porcentaxe superior á experimentada polo conxunto do estado, que rexistrou un descenso do 2,5%, tal e como reflicte o **cadro 6.3.2**. Este descenso de Galicia só foi superado pola caída de Asturias, onde baixou un 4,3% respecto ó ano anterior.

Antes de aborda-la análise da situación da educación nos seus distintos niveis, cómpre facer referencia á poboación sen estudos e o grao de **analfabetis-**

mo en Galicia. Segundo os datos da EPA, dentro da poboación activa galega hai 3,6 miles de persoas analfabetas e 74,2 miles de persoas sen estudos en 1998, fronte ós 5,0 e 95,2 miles do ano anterior. Deses 3.600 activos analfabetos, 1.100 eran homes e 2.500, mulleres. No caso da poboación activa sen estudos, 38,1 miles eran homes e 36,1, mulleres.

Se se considera a poboación ocupada, o número de analfabetos ascende a 3,35 miles de persoas (o 0,36% da poboación ocupada total), fronte ós 4,65 miles de persoas do ano anterior. Pola súa banda, os ocupados sen estudos son 67,05 miles de persoas en 1998 (o 7,3% do total

CADRO 6.3.3.

Centros de ensino en funcionamento no curso 1997-98 ⁽¹⁾

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Territorio MEC	CC.AA. competencias	Total
Ed. infantil								
Pública	1.310	556	161	132	461	4.085	7.485	11.570
Privada	251	103	22	30	96	1.523	2.919	4.442
Total	1.561	659	183	162	557	5.608	10.404	16.012
Ed. Primaria								
Pública	1.014	440	154	119	301	3.867	6.876	10.743
Privada	215	78	21	30	86	1.326	2.220	3.546
Total	1.229	518	175	149	387	5.193	9.096	14.289
Ed. Especial (2)								
Pública	15	5	4	2	4	77	126	203
Privada	22	9	-	-	13	107	189	296
Total	37	14	4	2	17	184	315	499
E. Sec. Obligatoria								
Pública	591	199	93	94	205	2.850	4.538	7.388
Privada	184	63	18	23	80	1.311	1.904	3.215
Total	775	262	111	117	285	4.161	6.442	10.603
BUP e COU								
Pública	135	53	20	21	41	480	902	1.382
Privada	78	37	2	11	28	582	683	1.265
Total	213	90	22	32	69	1.062	1.585	2.647
Bacharelato LOGSE								
Pública	60	23	13	4	20	751	770	1.521
Privada	2	1	1	-	-	68	200	268
Total	62	24	14	4	20	819	970	1.789
Bacharelato Experimental								
Pública	-	-	-	-	-	-	82	82
Privada	-	-	-	-	-	-	43	43
Total	-	-	-	-	-	-	125	125
F.P.								
Pública	105	40	17	17	31	250	615	865
Privada	51	27	-	7	17	227	480	707
Total	156	67	17	24	48	477	1.095	1.572
Cic. Form. /Mód. Prof.								
Pública	86	32	14	9	31	502	656	1.158
Privada	10	4	1	-	5	134	180	314
Total	96	36	15	9	36	636	836	1.472
Progr. Garantía Social								
Pública	15	7	2	1	5	266	166	432
Privada	3	2	-	-	1	61	31	92
Total	18	9	2	1	6	327	197	524
Total								
Pública	3.331	1.355	478	399	1.099	13.128	22.216	35.344
Privada	816	324	65	101	326	5.339	8.849	14.188
Total	4.147	1.379	543	500	1.425	18.467	31.065	49.532

(1) avance

(2) refírese a centros específicos de educación especial

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

de ocupados), fronte ós 85,15 miles de persoas do ano anterior (9,4%).

Educación infantil e primaria

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 6.3.3.**, o número de centros de educación infantil e primaria en Galicia foi de 1.561 e 1.229, respectivamente, que supoñen o 9,75% e o 8,60% do total de centros

de educación infantil e primaria en España. Do total dos centros de educación infantil e primaria, o 83,3% son centros públicos, en tanto que o 16,7% restante son centros privados.

O número de alumnos e alumnas matriculados en Galicia nos centros de educación infantil ascendeu a 60.819, un 2,86% menos que no curso anterior. Os

CADRO 6.3.4.

Alumnos nos centros de ensino no curso 1997-98 ⁽¹⁾

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Territorio MEC	CC.AA. con competencias	Total
Ed. infantil								
Pública	43.495	17.130	5.630	4.616	16.119	297.178	461.437	758.615
Privada	17.324	7.093	1.569	1.822	6.840	131.856	230.303	362.159
Total	60.819	24.223	7.199	6.438	22.959	429.034	691.740	1.120.774
Ed. Primaria								
Pública	110.234	43.299	15.074	11.629	40.232	644.261	1.090.563	1.734.824
Privada	45.555	18.296	3.979	5.487	17.793	342.664	532.553	875.217
Total	155.789	61.595	19.053	17.116	58.025	986.925	1.623.116	2.610.041
Ed. Especial (2)								
Pública	856	473	119	100	164	5.512	9.078	14.590
Privada	609	248	-	-	361	5.114	9.489	14.603
Total	1.465	721	119	100	525	10.626	18.567	29.193
ESO 1º Ciclo								
Pública	49.109	20.062	6.440	5.163	17.444	261.885	432.490	694.375
Privada	18.589	7.176	1.642	2.350	7.421	142.386	219.347	361.733
Total	67.698	27.238	8.082	7.513	24.865	404.271	651.837	1.056.108
ESO 2º Ciclo								
Pública	13.076	5.587	2.151	467	4.871	260.872	278.584	539.456
Privada	579	418	75	14	72	28.470	68.520	96.990
Total	13.655	6.005	2.226	481	4.943	289.342	347.104	636.446
BUP e COU								
Pública	75.988	32.185	9.074	8.659	26.070	165.524	422.749	588.273
Privada	17.906	8.657	587	2.595	6.067	140.318	151.532	291.850
Total	93.894	40.842	9.661	11.254	32.137	305.842	574.281	880.123
Bacharelato LOGSE								
Pública	6.860	3.272	1.261	226	2.101	121.451	109.502	230.953
Privada	194	113	81	-	-	4.841	22.146	26.987
Total	7.054	3.385	1.342	226	2.101	126.292	131.648	257.940
Bacharelato Experimental								
Pública	-	-	-	-	-	-	6.883	6.883
Privada	-	-	-	-	-	-	5.489	5.489
Total	-	-	-	-	-	-	12.372	12.372
BUP e COU a distancia								
Pública	7.071	2.957	925	879	2.310	19.908	20.557	40.485
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	7.071	2.957	925	879	2.310	19.908	20.557	40.485
F.P.I								
Pública	16.261	6.999	2.772	2.131	4.359	14.368	76.505	90.873
Privada	5.056	1.307	-	824	2.925	26.284	55.062	81.346
Total	21.317	8.306	2.772	2.955	7.284	40.652	131.567	172.219
F.P.II								
Pública	28.744	13.075	3.863	2.606	9.200	65.538	158.998	224.536
Privada	4.244	1.742	-	255	2.247	23.151	59.732	82.883
Total	32.988	14.817	3.863	2.861	11.447	88.689	218.730	307.419
C.F.G.M. /Mód. II								
Pública	3.283	1.200	792	94	1.197	30.762	33.365	64.127
Privada	143	36	25	-	82	4.637	6.126	10.763
Total	3.426	1.236	817	94	1.279	35.399	39.491	74.890
C.F.G.S. /Mód. III								
Pública	3.415	1.234	613	219	1.349	32.732	32.559	65.291
Privada	506	168	-	-	338	4.094	10.692	14.786
Total	3.921	1.402	613	219	1.687	36.826	43.251	80.077
C.F.G.M. /Mód. II a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	26	50	76
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	26	50	76
C.F.G.S. /Mód. III a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	605	-	605
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	605	-	605
Programas de Garantía Social (3)								
Pública	332	165	15	7	145	8.657	10.839	19.496
Privada	103	86	-	-	17	3.213	1.654	4.867
Total	435	251	15	7	162	11.870	12.493	24.363
Total								
Pública	358.724	147.638	48.729	36.796	125.561	1.929.279	3.144.159	5.073.458
Privada	110.808	45.340	7.958	13.347	44.163	857.028	1.372.645	2.229.673
Total	469.532	192.978	56.687	50.143	169.724	2.786.307	4.516.804	7.303.131

(1) avance

(2) refírese ó alumnado de centros específicos e ó das aulas de Educación Especial en centros ordinarios. Non inclúe o alumnado de integración

(3) inclúe ó alumnado de Programas de Garantía Social impartidos en centros docentes e en actuacións fóra de centros

Fonte: *Ministerio de Educación y Cultura*

CADRO 6.3.5.

Alumnos por unidade en educación infantil e educación primaria/EXB nos cursos 1996-97 e 1997-98

	Tódolos centros			Centros públicos			Centros privados		
	Ratio alumnado/unidade Curso 96-97	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Diferencia	Ratio alumnado/unidade Curso 96-97	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Diferencia	Ratio alumnado/unidade Curso 96-97	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Diferencia
Total xeral	22,20	21,15	-1,05	20,87	20,15	-0,72	25,43	23,55	-1,88
Territorio MEC	22,31	22,01	-0,30	20,72	20,90	0,18	26,10	25,27	-0,83
CC.AA. con competencias	22,13	20,51	-1,62	20,95	19,19	-1,76	25,02	23,66	-1,36
Galicia	19,94	18,85	-1,09	18,52	17,60	-0,92	24,52	22,80	-1,72

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 6.3.6.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1997-98

	Galicia				Total España			
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Territorio MEC	CC.AA. con competencias	Total
Ed. infantil e Primaria	10.228	4.129	1.473	978	3.648	57.641	98.190	155.831
Pública	2.615	1.108	227	294	986	19.121	36.861	55.982
Privada	12.843	5.237	1.700	1.272	4.634	76.762	135.051	211.813
Ed. Secundaria e FP	13.778	5.830	1.926	1.442	4.580	68.179	119.459	187.638
Pública	2.400	1.054	126	316	904	19.451	36.106	55.557
Privada	16.178	6.884	2.052	1.758	5.484	87.630	155.565	243.195
Ambos grupos de niveis⁽¹⁾	3.150	1.064	499	542	1.045	14.418	8.196	22.614
Pública	868	291	82	85	410	5.977	4.838	10.815
Privada	4.018	1.355	581	627	1.455	20.395	13.034	33.429
Educación especial⁽²⁾	195	105	30	16	44	1.314	1.700	3.014
Pública	118	44	-	-	74	972	1.638	2.610
Privada	313	149	30	16	118	2.286	3.338	5.624
Total	27.351	11.128	3.928	2.978	9.317	141.552	227.545	369.097
Pública	6.001	2.497	435	695	2.374	45.521	79.443	124.964
Privada	33.352	13.625	4.363	3.673	11.691	187.073	306.988	494.061

⁽¹⁾ refírese ó profesorado que compatibiliza o ensino en Ed. Infantil/Primaria e Ed. Secundaria

⁽²⁾ refírese ó profesorado de centros específicos de Ed. Infantil

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 6.3.7.

Centros e alumnos de BUP e COU a distancia 1998

	Centros	Alumnos		
		Total	BUP	COU
Galicia	12	7.071	5.284	1.787
A Coruña	3	2.957	2.159	798
Lugo	3	925	696	229
Ourense	3	879	662	217
Pontevedra	3	2.310	1.767	543
Total España	65	40.485	29.625	10.860
Territorio MEC	39	19.908	14.098	5.810
CC.AA. con competencias	26	20.577	15.527	5.050

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

rapaces e rapazas que reciben a educación infantil son un 12,95% do total de alumnos galegos non universitarios. De todos eles, o 71,52% acude a centros públicos e o 28,48% restante, a centros privados.

No concernente á educación primaria, o **cadro 6.3.4.** reflicte que son 155.789 os alumnos matriculados, que representaría o 33,18% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 70,76% estudia en centros públicos e un 29,24% en centros privados.

O **cadro 6.3.5.** reflicte o descenso do número de alumnos por unidade educativa, sendo o número de alumnos en Galicia de 18,85 alumnos, fronte ós 21,15 en España. Comparado co que acontece no conxunto de estado, este descenso experimentado en Galicia é lixeiramente superior ó acontecido en España.

Tanto os centros públicos como os privados en Galicia presentan un número de alumnos por centro inferior á media de España e a caída nos centros privados galegos é inferior á dos seus homólogos españois.

Para atender a estes alumnos, Galicia conta con 12.843 profesores de educación infantil e primaria, dos que o 79,64% imparten clases en centros públicos e o

20,36% restante o fai en centros privados (**cadro 6.3.6.**).

Educación secundaria:
ESO, BUP e COU, FP.

Durante o curso 97/98 continuou o proceso xeralizado de implantación do novo sistema educativo e significou a desaparición do antigo 8º de EXB. Os 1.206 centros de educación secundaria acollen a 243.677 alumnos, que representan o 7,25% do total español, fronte ó 6,01% do ano anterior.

Atendendo ós datos recollidos no antedito **cadro 6.3.3.**, o número de centros de **educación secundaria obligatoria** (ESO) en Galicia foi de 775, que supoñen o 7,31% do total de centros de ESO en España. O 76,26% deles son centros públicos e o 23,74% restante, privados.

O número de alumnos matriculados nos centros de educación secundaria obligatoria en Galicia foi de 81.353, un 72,09% máis que no curso anterior, crecemento que se debe ó xa mencionado proceso de implantación da ESO. Estes escolares representan un 17,33% do total de alumnos galegos. O 76,44% dos estudantes de secundaria acude a centros públicos e o 23,56% restante, a centros

privados.

En relación ós estudos de BUP, bacharelato LOGSE e bacharelato experimental, en Galicia existen, tal e como reflicte o **cadro 6.3.3.**, 275 centros, que supoñen un 6,03% do total de centros deste tipo de estudos en España. Do total dos centros de bacharelato, o 70,91% son centros públicos en tanto que o outro 29,09% son centros privados.

Os alumnos matriculados en Galicia nos centros de **bacharelato e COU** ascendeu a 100.948, un 3,01% menos que no curso anterior, o que supón o 21,50% do total de alumnos galegos. Comparado co total español, o descenso de alumnos en Galicia respecto ó curso anterior é moi inferior ó experimentado en España, onde o descenso foi dun 8,95%. O 82,07% dos alumnos de bacharelato acude a centros públicos e o 17,93% restante, a centros privados.

No que respecta ós centros que imparten **BUP e COU a distancia** e ó seu alumnado, o **cadro 6.3.7.** reflicte que existen en Galicia 12 centros deste tipo que acollen a 7.071 alumnos, que supoñen o 18,46% e o 17,47% do total de centros e alumnos matriculados en España, respectivamente.

Aínda que existen tres centros en cada provincia, A Coruña acolle ó 41,82% do total de alumnos galegos matriculados nestes centros de educación a distancia, e Pontevedra, ó 32,67%.

No concernente á **formación profesional**, no curso 97/98 funcionaron en Galicia 156 centros de FP, repartidos da forma que se amosa no **cadro 6.3.3.** O 67,31% son centros públicos e o outro 32,69% corresponde a centros privados.

Nestes centros de FP galegos estiveron matriculados 54.305 estudantes, o que representa un 11,57% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 82,87% acude a centros públicos e o 17,13% restante, a centros privados.

Xunto a todos estes centros funcionaron en Galicia, como amosa o devandito **cadro 6.3.3.**, 37 centros de **educación especial** (dos que 15 son centros públicos), que supoñen un 7,41% do total de centros deste tipo de estudos en España. Case a metade dos centros están na provincia de Pontevedra e, destes, 13 son centros privados. En Lugo e Ourense, tódolos centros de educación especial son públicos.

Finalmente, os alumnos matriculados nos centros de educación especial foron 1.465 (representan o 0,31% do total de alumnos galegos), un 57,02% máis que no curso anterior. De todos eles, o 58,43% acude a centros públicos e o 41,57% restante, a centros privados. O aumento de alumnos en Galicia é moi superior ó experimentado en España, onde a subida foi do 2,01%, para situarse nos 29.193 alumnos no curso 97/98.

Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que dispoñen de sete *campus* repartidos nas catro provincias. No curso 1998-99 matriculáronse en Galicia (**cadro 6.3.8.**), un total de 98.528 alumnos, un 1,4% máis que no curso anterior. Este crecemento no número de universitarios é consecuencia do aumento de alumnos matriculados nas universidades de Vigo e A Coruña, que compensa o descenso de alumnos matriculados na Universidade de Santiago no último curso académico.

CADRO 6.3.8.

**Alumnos matriculados no sistema universitario 1996-99:
primeiro e segundo ciclos (1)**

	Curso 1996-97	Curso 1997-98	Curso 1998-99
A Coruña	24.534	25.127	25.641
Santiago	42.321	42.419	42.370
Vigo	28.758	29.639	30.517
Total	95.613	97.185	98.528

(1) incluídos alumnos de centros adscritos

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 6.3.9.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 1997-98 e 1998-99:
distribución segundo a súa preferencia**

Curso 1997-98

	A Coruña (34 titulacións)		Santiago (39 titulacións)		Vigo (40 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
1ª preferencia	3.187	71,84	4.646	65,91	3.724	65,62
2ª preferencia	687	15,49	1.298	18,41	966	17,02
3ª preferencia	293	6,61	543	7,70	476	8,39
Resto	269	6,06	562	7,97	509	8,97
Total (1ª,2ª, 3ª pref.)	4.436	93,94	7.049	92,03	5.675	91,03

Curso 1998-99

	A Coruña (36 titulacións)		Santiago (42 titulacións)		Vigo (42 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
1ª preferencia	3.343	72,19	4.575	66,00	3.967	66,69
2ª preferencia	661	14,27	1.265	18,25	1.011	17,00
3ª preferencia	312	6,74	551	7,95	477	8,02
Resto	315	6,80	541	7,80	493	8,29
Total (1ª,2ª, 3ª pref.)	4.631	93,20	6.932	92,20	5.984	91,71

Fonte: Comisión Universitaria de Galicia

CADRO 6.3.10.

**Alumnos matriculados no sistema universitario 1996-99:
terceiro ciclo**

	Curso 1996-97	Curso 1997-98	Curso 1998-99
A Coruña	578	761	735
Santiago	1.392	1.376	1.441
Vigo	435	548	620
Total	2.405	2.685	2.796

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 6.3.11.

Centros e alumnos doutros estudos non universitarios 1997-98

	Centros	Alumnos
Escolas oficiais de idiomas	8	18.859
Escolas de arte	5	670
Conservatorios de música	29	8.438
dependentes da Consellería	6	4.242
dependentes doutras entidades	23	4.196
Centros de música e danza	83	10.923
conservatorios de danza	1	196
centros autorizados de danza profesional	5	218
escolas de danza	9	609
centros autorizados de música	10	3.338
escolas de música públicas	40	4.519
escolas de música privadas	18	2.043

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A Universidade de Santiago de Compostela, con 42.370 alumnos matriculados no derradeiro curso académico, acolle ó 43% dos universitarios galegos, en tanto que a de Vigo ten o 30,97% e a de A Coruña, o 26,02% restante.

Para o curso académico 98/99 as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña ofertaron, respectivamente, 42, 42 e 36 titulacións, tal e como recolle o **cadro 6.3.9**. Obsérvase que case un 68% dos alumnos puideron matricularse na súa primeira opción nese curso, cando no curso anterior, esa porcentaxe ascendera ó 67,3%.

En relación ós estudos de terceiro ciclo, **cadro 6.3.10.**, no curso 98/99 inscribíronse nos programas de doutoramento 2.796 estudantes, o que supón un 4,13% máis que no curso anterior. A Universidade de Santiago de Compostela é a que máis alumnos acolle no terceiro ciclo, con 1.441 estudianes matriculados, seguida da Universidade de A Coruña e da de Vigo, con 735 e 620 doutorandos, respectivamente.

Outros estudos non universitarios

Ademais dos habituais centros de educación xa analizados, existen outras institucións educativas como as escolas oficiais de idiomas, as escolas de arte, os conservatorios de música ou os centros de música e danza.

O **cadro 6.3.11.** amosa que en Galicia había, no curso 1997-98, un total de 8 escolas oficiais de idiomas, que acollían a 18.859 alumnos, e 5 escolas de arte, onde asistían un total de 670 alumnos.

Os 29 conservatorios de música de Galicia, dos que 6 son dependentes da Consellería, acollían a 8.438 alumnos, dos que algo máis da metade (4.242 alumnos) asistían ós conservatorios dependentes da consellería.

Finalmente, dos 83 centros de música e danza existentes no curso 97-98 en Galicia, 58 corresponden a escolas de música, que acollían a 6.562 alumnos, dos que 4.519 asistían ás 40 escolas de música de titularidade pública. Existen, ademais,

un total de 10 centros autorizados de música, onde asisten 3.338 alumnos, e 15 centros adicados ó ensino da danza, con 1.023 alumnos.■